



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PADERNE

*Bases do II Certame de Relato Corto do Concello de Paderne*

##### ANUNCIO

Por resolución de alcaldía con data do 11/02/2025, Decreto Nº 61/ 2025 aprobáronse as Bases do II CERTAME DE RELATO CORTO DO CONCELLO DE PADERNE.

Bases do concurso:

1. - A participación supón a total aceptación das bases
2. - Temática: relatos de historias reais ou de ficción que acontecerán ou estean relacionados co Concello de Paderne.
3. - Dúas categorías : xuvenil (de 10 anos ata os 17) e xeral (de 18 anos en diante)
4. - Os traballos deben estar escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados . Valorarase a calidade da escritura, a técnica literaria empregada e a orixinalidade, entre outros aspectos. Presentaranse en formato DIN A4, formato narrativa ou poesía, nun documento de word. Cunha extensión máxima de cinco páxinas por unha soa cara. Letra con tamaño Arial 12 e intercalado 1,5.
5. - Presentaranse xunto coa ficha de inscrición.
6. - Poderá participar calquera persoa de máis de 10 anos, cumpridos antes do límite da presentación.

Os/as participantes ou representantes legais atoparanse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non estarán incursos en ningunha das exclusións previstas no artigo 13 da Leí 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Non poden participar o ganador da edición anterior.

7. - A entrega realizarase no Concello ou a través da sede electrónica do mesmo. O prazo de admisión comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP da Coruña e rematará o 10 de marzo de 2025.
8. - Farase unha edición compiladora na que se recollen todos os textos presentados.
9. - Establécese un único gañador por categoría.

Categoría xeral: premio que constará da publicación do relato nunha obra coa recompilación dos traballos presentados, un lote de 30 exemplares da mesma., unha cesta de produtos típicos da zona e un premio económica de 400€. (O pagamento do premio económico realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas)

Categoría xuvenil: premio que constará da publicación do relato nunha obra coa recompilación dos traballos presentados, un lote de 30 exemplares da mesma., unha cesta de produtos típicos da zona e unha tablet.

10. - O xurado estará formado por 3 membros designados polo concello, podendo ser empregados públicos do mesmo e/ou persoas relacionadas co mundo das letras.
11. - O xurado está facultado para tomar a decisión que considere oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases, a participación convela a aceptación de todas elas.
12. - A organización reservarase o dereito a publicar os traballos presentados. Neste senso os autores renunciarán ó premio. A participación no concurso implica a autorización expresa por parte dos participantes e, no seu caso, do seu representante legal, da cesión de dereitos sobre a obra presentada para a súa posible reprodución e comunicación pública.
13. Autoría.- O/A autor/a participante garantirá a autoría completa do relato presentado e que non vulneran os dereitos de propiedade intelectual de ningún terceiro ou calquera outro dereito de calquera natureza.

14. - O Concello poderá elaborar unha montaxe con todos os traballos presentados ao concurso e empregalo como material divulgador polas Letras Galegas nas redes sociais do concello, polo que se reserva o dereito para comunicar publicamente as creacións, con fins publicitarios ou promocionais, en calquera medio, sistema técnico, ou tecnolóxico actual, e futuro, nos que se atopan tales medios como RRSS, televisión, prensa, portal institucional do Concello e/o exhibición pública, con fins de difusión e publicitarios.

15. - O acto de entrega e presentación da publicación terá lugar o día 17 de Maio de 2025, con motivo da celebración da Día das Letras Galegas.

16. - Dereitos de imaxe : Co fin de divulgar e comunicar o premio nas redes sociais vinculadas ao CONCELLO, así como no portal institucional do mesmo, o gañador autoriza a utilización do seu nome e imaxe ou conta coa autorización da persoa que no seu nome poda recoller o premio.

17. - Cesión de dereitos.- O/A autor/a participante, coa mera presentación da obra e con independencia de que resulte ou non premiada, cede integramente os dereitos de explotación desta a favor do Concello de Paderne, sen que o/o autor/para poida reclamar cantidade algunha por estes conceptos.

18. - Protección de datos: De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais , informase aos interesado que o Responsable do tratamento é o Concello de Paderne con enderezo en CONSISTORIO S/N 15314, PADERNE (A CORUÑA) , os datos facilitados serán tratados coa finalidade de xestionar a súa participación no Certame e posterior outorgamento de premios e poderán ser difundidos os nomes e os relatos das persoas participantes no portal institucional do Concello, RRSS e prensa.

O tratamento está baseado no art. 6.1 e) do RXPDP “en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos” conferidos a este Concello. Os datos serán conservados durante o prazo necesario para o fin para o que foron recabados.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, incluíndo copia dun documento oficial que o identifique, ao Concello de Paderne, no enderezo arriba indicado, a través da sede electrónica do Concello ou a través do email [dpd@concellodepaderne.com](mailto:dpd@concellodepaderne.com). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través deste mesmo correo electrónico ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://concellodepaderne.com/pages/politica-privacidad>

**FICHA DE INSCRICIÓN:****II CERTAME LITERARIO DO CONCELLO DE PADERNE****DATOS PERSOAIS:**

NOME:

APELIDOS: NIF:

DOMICILIO:

CODIGO POSTAL:

CONCELLO:

DATA DE NACEMENTO:

IDADE:

TELÉFONO DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO:

**DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL (SE O AUTOR/A É MENOR DE IDADE )**

RELACIÓN CO CONCURSANTE:

NOME E APELIDOS:

NIF:

**ASDO:**

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais , informase aos interesado que o Responsable do tratamento é o Concello de Paderne con enderezo en CONSISTORIO S/N 15314, PADERNE (A CORUÑA) , os datos facilitados serán tratados coa finalidade de xestionar a súa participación no Certame e posterior outorgamento de premios e poderán ser difundidos os nomes e os relatos das persoas participantes no portal institucional do Concello, RRSS e prensa. O tratamento está baseado no art. 6.1 e) do RXPD “en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos” conferidos a este Concello. Os datos serán conservados durante o prazo necesario para o fin para o que foron recabados. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, incluíndo copia dun documento oficial que o identifique, ao Concello de Paderne, no enderezo arriba indicado, a través da sede electrónica do Concello ou a través do email [dpd@concellodepaderne.com](mailto:dpd@concellodepaderne.com) . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través deste mesmo correo electrónico ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://concellodepaderne.com/pages/politica-privacidad>

Paderne, 18 de febreiro de 2025

O Alcalde

Asdo: Sergio Platas Casal

2025/989